



Exp: 509/2024 relac 9/2024

**BASES PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS, PARA O PROXECTO “CONTRATACIÓN PERSOAL PLAN MÁIS PROVINCIA 2024” , DENTRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (LIÑA 3) SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.**

**Base primeira.- Obxecto**

A Deputación de Pontevedra concede ao Concello de Pazos de Borbén, unha subvención para levar a cabo a contratación de persoal a través do contratación persoal plan máis provincia 2024 na súa liña 3: “Activación do Emprego 2024”.

**Base segunda.- Tipo de contrato.-**

Estas bases regulan o proceso de selección para contratar, con carácter laboral temporal de duración determinada.

TRES PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS.

Duración do contrato: 4 (CATRO) meses con xornada laboral de 35 horas semanais  
Categoría profesional : peón/operario/ axudante, grupo de cotización 10, código de ocupación D.

As retribucións salariais brutas, incluídas as prorratas das pagas extras, segundo o Salario Mínimo Interprofesional :

- Salario bruto incluídas as pagas extras .....=1.234,75€
- S.S. a cargo da empresa... .....= 473,90€

**Base terceira.-Prazas.-**

TRES prazas de PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS dentro do plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (liña 3) “contratación persoal plan máis provincia 2024”.

**Base cuarta.-Publicidade do procedemento.-**

Para garantir o principio de publicidade, ademais da solicitude de oferta a Oficina do Servizo Público de Galicia, publicaranse as bases desta convocatoria, listado das persoas remitidas polo SEPEG e o listado de seleccionados na páxina web institucional [www.pazosdeborben.org](http://www.pazosdeborben.org), na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén).

**Base quinta.-Requisitos dos aspirantes.-**

Para seren admitidos a realización do proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán posuír na data de finalización da presentación de solicitudes, e manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

- a) Ter cumprido dezaseis (16) anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.





- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño da tarefas propias do posto.
- c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- d) Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa administración Pública.
- e) Non haber sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.

**Base sexta.- Requisitos a cumprir segundo a subvención pola cal se solicita os fondos:**

De acordo coa subvención, o Concello de Pazos de Borbén debe contratar persoas desempregadas, inscritas no Servizo público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego (tanto no momento da selección como no da formalización do contrato), para o cal débese presentar a correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para os efectos, facendo referencia aos requisitos que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo, segundo a base cuadraxésima primeira, capítulo III. Liña 3, activación do emprego 2024 das bases reguladoras do plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (liña 3) publicado no BOPPO nº2, do 3 de xaneiro de 2024.

*“As traballadoras e traballadores que se contraten para realizar as obras ou prestar os servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.*

*Os concellos beneficiarios da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para os efectos, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, coa obriga de presentar unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación”.*

Polo tanto as persoas que non se relacionen no listado que envíe o SPEG serán excluídas do proceso.

**Base sétima.-Prazo de presentación das solicitudes e documentación.-**

Os aspirantes que se relacionen no listado remitido polo SEPEG, poderán presentar a súa solicitude en instancia dirixidas ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Pazos de Borbén , **anexo I, ata o día 29/04/2024**. O SEPEG notificará aos candidatos da





lista para que os que desexen presenten a solicitude e documentación correspondente aos criterios de inserción socio-laboral. Ademais o Concello de Pazos de Borbén publicará na páxina web institucional [www.pazosdeborben.org](http://www.pazosdeborben.org), na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, así como no taboleiro de anuncios sito nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén) o listado de candidatos recibidos.

A instancia deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

- a) Copia auténtica do DNI.
- b) Copia auténtica da tarxeta de demandante de emprego actualizada.
- c) Declaración xurada de cumpri-los requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade previstas na lexislación vixente, incluída na solicitude.
- d) Documentación xustificativa dos criterios socio-laborais de inserción expostos na base oitava.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello (Lugar de Pazos nº52. 36841 Pazos de Borbén) en horario de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres, ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo funcionario de correos antes de ser certificadas. No caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do Concello, a persoa aspirante deberá dirixir por fax, ao número 986.49.71.46, unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo do solicitude, aos efectos de que poida ser incluída na relación de aspirantes ao proceso.

#### **Base Oitava.- Procedemento de selección.-**

##### **O proceso de selección contará con dúas fases:**

**Fase A:** consistirá nunha valoración de criterios de inserción socio-laboral, segundo a base cuadraxésima primeira, capítulo III. Liña 3, activación do emprego 2024 das bases reguladoras do plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (liña 3) publicado no BOPPO nº2, do 3 de xaneiro de 2024, coas seguintes puntuacións:

#### **A. PERSOAS PARADA DE LONGA DURACIÓN ( 1,10 puntos)**

Acreditarse mediante certificado ou informe da oficina de emprego.

#### **B. MULLERES CON BAIXA CUALIFICACIÓN (1,05 puntos)**

Considéranse persoas de baixa cualificación a aquelas que non alcanzasen os estudos correspondentes de bacharelato ou ciclo formativo de grao medio do sistema de formación profesional. Acreditarse cunha declaración responsable.

#### **C. MAIORES DE 45 ANOS (1 punto)**

Acreditarse co DNI

#### **D. PERSOAS MOZAS, ESPECIALMENTE CON BAIXA CUALIFICACIÓN (max 0,90 puntos)**





Consideranse persoas mozas aquela que teñan entre 18 e 30 anos (ambos iclusive)

Por persoas moza : 0,90 puntos

Por persoa moza de baixa cualificación: 0,85 puntos

Considéranse persoas de baixa cualificación a aquelas que non alcanzasen os estudos correspondentes de bacharelato ou ciclo formativo de grao medio do sistema de formación profesional. Acreditarase cunha declaración responsable.

**E. PERSOAS QUE ACREDITEN UNHA DISCAPACIDADE FÍSICA OU SENSORIAL SUPERIOR AO 65 % OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE QUE PRESENTEN MAIORES DIFICULTADES DE ACCESO AO MERCADO DE TRABALLO NOS TERMOS RECOLLIDOS NO ÚLTIMO PARÁGRAFO DO ARTIGO 50.1 DA LEI 3/2023, DE 28 DE FEBREIRO, DE EMPREGO, (0,80 puntos)**

Este criterio acreditarase co certificado correspondente.

**F. VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO ( 0,70 puntos)**

A muller vítima de violencia de xénero (de se-lo caso) acreditarase consonte a seguinte documentación:

- Fotocopia da certificación da orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na lei.
- Informe dos servizos sociais, sanitarios de administración pública, autonómicos ou locais.
- Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Calquera outro establecido regulamentariamente.

**G. AS PERSOAS CANDIDATAS QUE FORMEN UNHA FAMILIA MONOPARENTAL CON FILLOS OU FILLAS O SEU CARGO: ( 0,60 puntos)**

O criterio de ser familia monoparental con fillos o cargo (de se-lo caso) acreditarase coa fotocopia do libro de familia

**H. PERSOAS CON NIVEIS DE RENDA MAIS BAIXAS: (máximo 0,50 puntos)**

Os ingresos da unidade familiar acredítanse mediante certificado da declaración do IRPF do último exercicio fiscal (2022), mediante a seguinte fórmula (casiña 435 + casiña 460 - casiña 595) coas seguintes consideracións:

- O resultado obtido dividirse polo número de membros que forman parte da unidade familiar.
- O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF e polo tanto só se poñen os dous proxenitores se están casados e as persoas descendentes só se terán en conta se son menores de 18 anos.

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR	PUNTOS
0€ – 1.200,00€	0,50
1.201,00€ – 2.400,00€	0,40
2.400,01€ – 3.600,00€	0,30
3.600,01€-4.800,00€	0,20
4.800,01€ - 6.000,00€	0,10
+ 6.000,01€	0





**Fase B: Proba práctica**, de carácter obrigatorio. Aquelas persoas que non acudan a realización da proba práctica quedarán excluídas do proceso de selección.

Consistirá nunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo. Esta proba terá como finalidade a avaliación de competencias e destrezas profesionais dos aspirantes a hora da súa adecuación o posto de traballo e terá unha valoración máxima **de 4 puntos**. A proba práctica realizarase o **02/05/2024 ás 10:00** na nave do Concello de Pazos de Borbén. Aquelas persoas que non acudan a realización da proba práctica quedarán excluídas do proceso de selección.

Os aspirantes deberán acudir as probas provistos do DNI nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que for a causa que lles impedira acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal.

A participación neste proceso selectivo suporá, por parte dos solicitantes, a súa aceptación a formar parte da devandita lista enviada polo SEPE, nos termos da normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, previstos na **Lei Orgánica Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales**, e informámoslle que os seus datos persoais serán rexistrados nos ficheiros automatizados do **CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN “FICHEIRO DE SELECCIÓN DE PERSOAL” (BOPPO N°98, 23/05/2012)**, coa finalidade de xestionar a súa solicitude no proceso de selección. Mediante a facilitación dos seus datos persoais, os titulares dos mesmos consenten expresamente o tratamento dos mesmos coa finalidade de levar a cabo a tramitación do proceso selectivo no que solicita participar e xestionar a lista de reserva, chamamentos e nomeamentos que se deriven da mesma. Os seus datos non poderán ser cedidos, salvo cesións previstas na Lei. En todo momento poderá usar os seus **dereitos de acceso, cancelación, rectificación, oposición** mediante un escrito dirixido a Concello de Pazos de Borbén, Rúa Pazos nº 52 - 36841 - Pazos de Borbén (Pontevedra) ou por e-mail a [concello@pazosdeborben.org](mailto:concello@pazosdeborben.org), achegando en ambos os casos copia do D.N.I.

Si algunha das persoas incluídas na oferta solicita que non se inclúan os seus datos no citado ficheiro non poderá continuar no proceso de selección.

#### **Base novena.-Tribunal cualificador.-**

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo designarase de conformidade co disposto no artigo 60 do TREBEP e 59 da lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e estará composto polos seguintes membros.

Un presidente: Jose Antonio Lorenzo Pérez

Secretaria: Roberto Carlos Costa Tellado ( con voz e voto).

Tres vogais:

1º Jose Manuel Soto Virulegio

2º David Rial Sobrino





### 3º Luz Divina Otero Camiña

#### Suplentes:

Presidente: María del Rosario González Sánchez

- Secretaria: Vanesa Boullosa Peralba

#### Vogais suplentes:

- Raquel Villaverde Acuña
- Silvia Suárez Martínez
- Pilar Fernández Alonso

Os integrantes do tribunal serán designado polo concello de Pazos de Borbén. Tódolos vogais do Tribunal Cualificador deberán ter nivel de titulación académica ou de especialización profesional igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas obxecto desta convocatoria.

Os/as membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó Alcalde cando concorra neles algunha circunstancia previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da citada Lei 40/2015.

Os membros do tribunal que asistan ás sesións percibirán as indemnizacións pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida e de conformidade co previsto no artigo 29,30 e 32 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de Indemnizacións por razón de servizo.

#### **Base décima.- Relación de aprobados e recursos.-**

A listaxe provisional de aprobados será publicada na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal> Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén) aos efectos de conceder o prazo de dous días hábiles seguintes para presentar reclamacións.

Contra a acta de valoración de méritos do Tribunal poderá interpoñerse recurso de alzada anta a alcaldía-presidencia de conformidade co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

A resolución definitiva de seleccionados para contratación será publicada na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, do Concello de Pazos de Borbén.

#### **Base décimo primeira.- Lista de reserva.-**

Rematado o proceso selectivo, elaborase unha lista de reserva, con validez de tres meses contados dende o inicio da contratación obxecto destas bases.

#### **Base décimo segunda.- Carácter vinculante das bases e incidencias**

As bases desta convocatoria vinculan a administración municipal, o tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo. O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas







dubidas e incidencias presente a súa aplicación e poderá optar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

**Base décimo terceira.- Disposición final.**

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven dela e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A administración Municipal tamén poderá, no seu caso, revisalas resolucións do tribunal segundo o previsto na Lei 39/2015.

ANEXO I

**MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES PRAZAS DE PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS, DENTRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA 2024-LIÑA 3) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.**

Nome \_\_\_\_\_ Apelidos \_\_\_\_\_

DNI \_\_\_\_\_ Data de nacemento \_\_\_\_\_

Enderezo \_\_\_\_\_ Nº \_\_\_\_\_ Piso \_\_\_\_\_

Poboación \_\_\_\_\_ Provincia \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_

Teléfonos de contacto: \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_

E-mail : \_\_\_\_\_

Documentación:

- COPIA AUTÉNTICA DO DNI
- COPIA AUTÉNTICA DA DAMANDANTE DE EMPREGO ACTUALIZADA
- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS SOCIO-LABORAIS

0 \_\_\_\_\_  
0 \_\_\_\_\_  
0 \_\_\_\_\_  
0 \_\_\_\_\_  
0 \_\_\_\_\_  
0 \_\_\_\_\_

**Así mesmo declaro por medio da presente e baixo a miña responsabilidade que :**

- a) Posuír a capacidade funcional para o desempeño da tarefas propias do posto.





- b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.
- c) Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa administración Pública.
- d) Non haber sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.

### **INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

#### ***Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos***

*Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas*

#### *Información básica sobre protección de datos*

*Responsable: Concello de Pazos de Borbén*

*Finalidade: Tramitar procedementos e actuacións administrativas.*

*Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.*

*Destinatarios: Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.*

*Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.*

*Información Adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección:*  
<http://pazosdeborben.sedelectronica.gal/privacy>

*PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables*

Firma

En Pazos de Borbén, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

**En Pazos de Borbén,**

**O ALCALDE**

